**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 30 de marzo de 2006**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria, que se celebrará o vindeiro xoves, 30 de marzo de 2006, ás DOCE HORAS.

**ASUNTOS**

***Declaración institucional**

**Central-Actas**

1.- Aprobación da acta anterior, nº 3/06, correspondente á sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2006.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.525 á nº 3.794.

**Economía, Facenda e Especial de Contas**

3.- Dar conta da Memoria da xestión recadatoria do exercicio 2005.

**Cooperación e Asistencia a Concellos**

4.- Aprobación do proxecto reformado da obra "Mellora na rede de abastecemento de auga en Boiro" do Concello de Boiro, incluída con carácter plurianual no POL ad. 2/2004 e POL ad. 2/2005, código 04.2302.0153.0.

5.- Aprobación do proxecto reformado da obra "Colector Río Breiro fase II" do Concello de Boiro, incluída no POL 2005, código 05.2300.0173.0.

6.- Aprobación da modificación do proxecto da obra "Praza pública en Oural e o." Do Concello de Boqueixón incluída no POS 2006, código 06.2100.0060.0.

7.- Aprobación do proxecto reformado da obra "EDAR saneamento Peteiro e Santa Marta de Babío", do Concello de Bergondo, incluída no POL 2005, código 05.2300.0160.0.

8.- Aprobación da solicitude de adhesión ao Convenio de colaboración subscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do IMSERSO e a Fundación Once para desenvolver un programa de accesibilidade universal.

9.- Aprobación do Programa de financiamento das obras seleccionadas polo MAP dentro do procedemento de concesión de subvencións para reparar os danos causados polos incendios forestais regulado pola Orde do 15 de setembro de 2005.

**Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

10.- Aprobación de permuta dos terreos entre os puntos quilométricos 6,480 a 7,660 da E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, como consecuencia do cambio de trazado das obras da E.P. 0205 de Bertamiráns, variante de Cantera, código 02.1110.0007.0.

11.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora da E.P. 2101 km. 23,700 estrada de Coruña-Santiago das Travesas do p.k. 0,00 a 2,400 (Carral).

12.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto de travesía na E.P. 0905 de Betanzos ao límite da provincia de Lugo p.k. 6,11 a p.k. 7,56.

13.- Aprobación técnica do proxecto de ensanche e mellora do trazado da E.P. 5602 de Negreira á Ponte Nafonso, p.k. 0,000 ao 6,360-Negreira, incluída na 6ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co Programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas citadas obras.

14.- Proposta de redacción dun plan de actuacións para adaptar as biondas, barreiras e peitorís existentes nas estradas provinciais e a instalación de novos sistemas de protección de motociclistas e vehículos de dúas rodas.

**Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

15.- Aprobación do proxecto técnico da obra "Gardería municipal na Gándara" do Concello de Narón que foi incluída no Plan de investimentos locais 2005, código 2005-3200-0142.0.

16.- Modificación da forma de financiamento da achega provincial ao Plan de investimentos locais 2005 no sentido de substituír o financiamento con cargo ao préstamo pola achega da Deputación con cargo aos seus propios recursos.

**Promoción Económica, Emprego e Turismo**

17.- Modificación dos Estatutos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

18.- Aprobación inicial dos Estatutos da Fundación que xestionará a Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

19.- Aprobación das Bases da convocatoria dun programa de subvencións dirixido aos grupos de acción local da provincia da Coruña para actuacións no desenvolvemento rural da provincia.

**Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

20.- Adhesión ao Programa estatal de teleasistencia móbil para as mulleres vítimas de violencia de xénero e aprobación de addenda ao Convenio de Teleasistencia domiciliaria DEPUTACIÓN-IMSERSO-FEMP do 9 de xullo de 1998.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE MARZO DE 2006**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de marzo de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR:**

| | |
|---|---|
| DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | BNG |

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO | PSOE |
| DON XAIME BELLO COSTA | BNG |
| DON MANUEL CAAMAÑO LOURO | PP |
| DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO | PSOE |
| DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ | PP |
| DON GERMÁN DIZ ARÉN | PSOE |
| DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS | PP |
| DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR | PP |
| DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO | PP |
| DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ | BNG |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ | PSOE |
| DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ | PP |
| DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA | PP |
| DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ | PSOE |
| DON MANUEL POSE MIÑONES | PP |
| DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ | PSOE |
| DON MIGUEL PRADO PATIÑO | PP |
| DON RAMÓN QUINTÁNS VILA | PSOE |
| DON ERNESTO RIEIRO OREIRO | PP |
| DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA | PSOE |
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | PP |
| DONA PILAR SOUTO IGLESIAS | PSOE |

| | |
|---|---|
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER | PP |
| DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |
| DON PABLO VILLAMAR DÍAZ | BNG |

Non asiste o Sr. Campo Fernández e escúsase a Sra. Cea Vázquez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Ten a palabra o secretario xeral para dar lectura a unha moción conxunta dos tres grupos políticos desta cámara.

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

Os grupos políticos que conforman a Corporación provincial da Coruña valoran de forma positiva o alto o fogo permanente anunciado por ETA e subliñan que se abre un tempo de esperanza para a erradicación do terrorismo no Estado Español, en xeral, e na Comunidade Autónoma Vasca en particular.

A Corporación provincial considera que a cautela, a moderación e a responsabilidade han de presidir a actuación dos partidos políticos e do conxunto da sociedade. A unidade de todas as forzas políticas democráticas é, agora máis ca nunca, imprescindíbel para alcanzar a paz durante tantos anos anhelada polo pobo español.

É tamén o momento de recordar ás vítimas, de expresarlles todo o noso apoio, pois elas máis ca ningún sufriron a gadoupada da acción terrorista de ETA.

Nun momento transcendental coma este, no que se albisca o principio do fin de ETA, é preciso dar os pasos adecuados, dentro do ámbito da lei e a Constitución, para garantir que no proceso iniciado nos conduzan indefectibelmente ao final da violencia.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 3/06, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2006.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/06, correspondente ao día 23 de febreiro de 2006.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1.525 Á Nº 3.794.**

A Corporación toma coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.525 á nº 3.794.

**3.- DAR CONTA DA MEMORIA DA XESTIÓN RECADATORIA DO EXERCICIO 2005.**

Dáse conta ao Pleno da memoria da xestión recadatoria do exercicio 2005.

**4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "MELLORA NA REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA EN BOIRO" DO CONCELLO DE BOIRO, INCLUÍDA CON CARÁCTER PLURIANUAL NO POL AD. 2/2004 E POL AD. 2/2005, CÓDIGO 04.2302.0153.0.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Torres Colomer

Para dicir que imos votar a favor de todos os puntos restantes, porque algúns son modificacións de proxectos, sen aumento económico, algúns de trámite, pero gustaríanos dicir dúas cousas, concretamente do punto 8 e tamén do 18. Do punto 8, que nos parece ben, e repito que imos votar a favor: "Aprobación da solicitude de adhesión ao Convenio de colaboración subscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do IMSERSO e a Fundación Once para desenvolver un programa de accesibilidade universal", pero no apartado cuarto, onde di "incluír as restantes solicitudes", que son os concellos de menos de 20.000 habitantes, fálase da posibilidade de conseguir fondos externos, e se non, faríase con fondos propios, por suposto se é posíbel recadar fondos externos, moito mellor porque aforraríamos diñeiro para outros investimentos, pero de non ser así, ou aínda que fose en parte, a nosa proposta sería determinar máis ese diñeiro da deputación, que podía ser dentro do incorporado do remanente próximo. De todas as formas, dicir que imos votar a favor.

E no punto nº 18, que é "Aprobación inicial dos Estatutos da Fundación que xestionará a Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)", pois dicir que, por suposto, que o Sr. presidente desta deputación presidirá o Padroado, e como vicepresidente o presidente da Comisión de Promoción Económica, que tamén me parece correcto, e entón están os deputados Sr. Lagares e Sra. Jabares. O noso pedimento sería a posibilidade de que houbese tamén un representante do Partido Popular.

De todas as formas, insistir que imos votar a favor de todos os puntos.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Torres, agradézolle o voto favorábel do Partido Popular a todos os puntos da orde do día. E en relación a esta última intervención, o Sr. Villamar vai facer unha intervención que lle dará, non sei se en parte ou na súa totalidade, satisfacción á súa demanda, creo que na súa totalidade.

Sr. Villamar Díaz

Agradecer tamén a intervención do voceiro do Grupo Popular, Sr. Torres Colomer, polo seu voto afirmativo. Dicir que, en todo caso, a Axencia Provincial de Enerxía é un proxecto que nace amparado por fondos europeos, que foi bastante complexa e é bastante complexa a súa constitución, e que teño que agradecer a colaboración dos técnicos da deputación para conseguir estes estatutos que hoxe van ser aprobados, dicir tamén que houbo unha alta participación e resposta por parte das entidades privadas, e agradecer, xa digo, o voto positivo do Grupo Popular. Hai máis entidades que se queren integrar nesta Axencia provincial, e neste momento tamén lle imos dar satisfacción ao Partido Popular no senso de que a representación da deputación vai ser, como ben dicía o Sr. Torres Colomer, vai estar o presidente da deputación como presidente da axencia; estarei eu mesmo como vicepresidente, ao ser o presidente da Comisión de Promoción Económica, e vai haber unha representación dos tres grupos políticos da deputación, que son o BNG, o Partido Popular e o PSOE. Esta variación nos estatutos creo que se vai realizar moi pronto, antes de que finalice este ano.

Sr. Torres Colomer

Simplemente agradecer a aceptación da nosa proposta, que entendo así, onde haberá unha representación do Grupo Popular nesta deputación, e polo tanto designaremos á persoa oportuna. Moitas grazas.

**ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Visto o proxecto reformado da obra "Melloras da rede de abastecemento de auga de Boiro, pl." do Concello de Boiro incluída con carácter de plurianual no POL Adicional 2/2004 e POL Adicional 2/2005, código: 04.2302.0153.0, que foi presentado polo Servizo Director das Obras e que representa un incremento no seu presuposto de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 285.869,44 € o proxecto reformado da obra "Melloras da rede de abastecemento de auga de Boiro, pl." do Concello de Boiro incluída con carácter de plurianual no POL Adicional 2/2004 e POL Adicional 2/2005, código: 04.2302.0153.0 que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o día 28 de outubro de 2004.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de 65.780,34 € a prezos de contrata, sendo de 47.164,23 € a prezos de adxudicación. O incremento fináncia o integramente a deputación (código: 05.2302.0153.1).

Con iso, os datos do financiamento total da obra quedan como segue:

| "Melloras da rede de abastecemento de auga de Boiro, pl" | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Presuposto proxecto inicial a prezos de contrata | | | Presuposto reformado a prezos de contrata | Incremento |
| | Anualidade 2004 04.2302.0153.0 | Anualidade 2005 05.2302.0153.0 | TOTAL INICIAL | | 05.2302.0153.1 |
| Deputación f.p. | 37.343,61 | 17.678,65 | 55.022,26 | 120.802,60 | 65.780,34 |
| Deputación outros | 7.468,73 | 3.535,74 | 11.004,47 | 11.004,47 | 0 |
| FEDER | 104.562,13 | 49.500,24 | 154.062,37 | 154.062,37 | 0 |
| **TOTAL** | 149.374,47 | 70.714,63 | 220.089,10 | 285.869,44 | 65.780,34 |

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente."

## 5.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "COLECTOR RÍO BREIRO FASE II" DO CONCELLO DE BOIRO, INCLUÍDA NO POL 2005, CÓDIGO 05.2300.0173.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Colector do río Breiro, fase II" do Concello de Boiro, incluída no Programa Operativo Local 2005, código 05.2300.0173.0, cuxos datos de seguido se indican, que non representan unha variación no presuposto total, nin implican unha alteración substancial do contido do proxecto, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras pero si modifica o seu trazado.

| Código | Concello | Denominación | Presuposto |
|---|---|---|---|
| 05.2300.0173.0 | Boiro | Colector do río Breiro, fase II | 262.007,98 |

**6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "PRAZA PÚBLICA EN OURAL E OUTROS" DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN INCLUÍDA NO POS 2006, CÓDIGO 06.2100.0060.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Aprobar a modificación do proxecto da obra **"Praza pública en Oural e outros"** do concello de Boqueixón incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2006 (Código: 06.2100.0060.0) cun presuposto de contrata de **35.468,06 €** que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras pero si modifica o seu trazado.

| Código | Concello | Denominación | Deputación F. Propios | Deputación Préstamo | Estado | Concello. | Presuposto Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 06.2100.0060.0 | Boqueixón | Praza pública en Oural e outros | 14.135,80 | 14.485,01 | 5.073,85 | 1.773,40 | 35.468,06 |

**7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "EDAR SANEAMENTO PETEIRO E SANTA MARTA DE BABÍO", DO CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO POL 2005, CÓDIGO 05.2300.0160.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "EDAR e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babío" do Concello de Bergondo, incluída no Programa Operativo Local 2005, código 05.2300.0160.0, cuxos datos de seguido se indican, que non representan unha variación no presuposto total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras pero representa cambios internos que afectan a máis dun 30% do seu presuposto de execución material.

| Código | Concello | Denominación | Presuposto |
|---|---|---|---|
| 05.2300.0160.0 | Bergondo | EDAR e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babío | 324.987,34 |

**8.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO O 12 DE XULLO DE 2004, PARA O PERÍODO 2004-2006 ENTRE O MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS A TRAVÉS DO IMSERSO E A FUNDACIÓN ONCE PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Visto o escrito recibido do INSTITUTO DE MAIORES e SERVIZOS SOCIAIS (IMSERSO) e da Fundación ONCE, por medio do cal se informa que antes do 31 de marzo de 2006 poden presentarse solicitudes de adhesión ao "Convenio de colaboración subscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do IMSERSO e da Fundación ONCE para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal".

Tendo en conta o texto do convenio, o seu manual de instrucións, e as instrucións verbais do IMSERSO sobre a formulación da solicitude, no sentido de que deben referirse aos concellos de máis de 20.000 habitantes, e polo importe orientativo de 300.000,00 €.

Vistas as bases reguladoras do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, aprobadas polo Pleno da deputación o 23 de febreiro de 2006 e cuxo texto se publicou no BOP nº 49 do 1 de marzo de 2006.

Vistas as solicitudes presentadas dentro do prazo establecido polos concellos da provincia cuxo obxecto e presuposto mínimo se axustan ao disposto nas Bases reguladoras.

1º - Aprobar a solicitude de adhesión ao "Convenio de colaboración subscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos sociais a través do IMSERSO e a Fundación ONCE para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal", para o financiamento das actuacións solicitadas polos concellos da provincia con poboación superior a 20.000 habitantes, que son as que a continuación se indican:

| AYUNTAMIENTO | DENOMINACIÓN | PRESUPUESTO |
|---|---|---|
| | | |
| ARTEIXO | RAMPA Y ASCENSOR EDIFICIO SERVICIOS MULTIPLES | 25.878,64 |
| | | |
| CAMBRE | RAMPA MECANICA COLEGIO CEIP BREXO | 15.142,86 |
| | RAMPA MECANICA COLEGIO CEIP SIGRAS | 16.035,71 |
| | | |
| CULLEREDO | ASCENSOR C. CULTURAL PAZO VILABOA | 25.288,00 |
| | | |
| NARON | SALVAESCALERAS Y ASEOS PABELLÓN A GÁNDARA | 111.868,57 |
| | SALVAESCALERAS Y ASEOS NAVE IRMANS FROILAZ | 38.434,37 |
| | SALVAESCALERAS Y ASEOS EDIFICIO JUZGADOS | 38.439,70 |
| | | |
| OLEIROS | ASCENSOR, PUERTA Y ASEOS C. CULTURAL CASA ETCHEVERRY | 46.073,47 |
| | ELEVADORES HIDRAULICOS PISCINAS MUNICIPALES | 13.914,87 |
| | | |
| | T O T A L | 331.076,19 |
| | | |
| | | |
| | NÚMERO DE AYUNTAMIENTOS | 5 |
| | | |
| | NÚMERO DE OBRAS | 9 |

2º.- Aprobar os proxectos técnicos das actuacións para as que se solicita o cofinanciamento indicado no apartado 1º.

3º .- Declarar que no Presuposto provincial para o exercicio 2006, na partida 0701/313K/76201, destinada a transferencias de subvencións de capital a concellos, existe crédito polo importe de 400.000,00 euros que se destinan ao financiamento da achega da Administración local ás obras que se seleccionen para seren cofinanciadas polo FEDER, IMSERSO e Fundación Once no marco do Convenio do 12 de xullo de 2004.

4º.- Incluír as restantes solicitudes presentadas polos concellos de menos de 20.000 habitantes nunha relación para estudar a posibilidade do seu financiamento por esta deputación, ben a través doutras fontes, ou ben con cargo aos propios recursos provinciais, logo da realización previa das operacións presupostarias que sexan necesarias

| CONCELLO | DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO |
|---|---|---|
| ABEGONDO | ACCESOS, PORTAS, PORTAL, ASEOS, SALAS E APARCADOIRO C. SOCIAIS PRESEDO, SARANDÓNS, MEANGOS, VIZOÑO E XUANZO | 66.165,71 |
| ARES | ASCENSOR CASA DO CONCELLO | 68.414,65 |
| ARZÚA | ASCENSOR CASA DO CONCELLO | 47.126,22 |
| BETANZOS | SALVAESCALEIRAS BIBLIOTECA | 15.722,76 |
| BOIMORTO | ACCESO, RAMPLA, VESTIARIO, CASA DO CONCELLO, POLIDEP CASA DA CULTURA CENTRO DE DIA | 22.544,29 |
| | RAMPLA E ASEOS CENTRO SOCIAL SENDELLE, RODIEIROS E BRATES | 19.640,03 |
| | | |
| BOIRO | ASEOS NO CENTRO SOCIAL DE BOIRO, ESCARABOTE E C. ARQUEOLÓXICO NEIXÓN | 17.268,80 |
| BOQUEIXON | ASEOS ASCENSOR E RAMPLA C. SOCIAIS LEDESMA, SERGUDE E LESTEDO | 77.686,56 |
| BRION | SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO, CASA CULTURA | 22.448,34 |
| CABANA DE BERGANTIÑOS | ASCENSOR EDIFICIO USOS MULTIPLES CARBALLA | 27.608,00 |
| | ELIM BARREIRAS DESPACHO SERVIZOS SOCIAIS | 22.845,62 |
| | | |
| CAPELA, A | SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO | 20.032,04 |
| CARNOTA | RAMPLAS E ACCESOS EDIFICIOS MUNICIPAIS | 117.057,92 |
| CARRAL | ASCENSOR CASA DO CONCELLO C. FORMACION | 81.200,00 |
| CEE | ASEOS CASA DO CONCELLO E PAVILLÓN POLIDEPORTIVO | 17.287,26 |
| CERCEDA | RAMPLAS EN BIBLIOTECA E PISCINA | 30.860,74 |
| CERDIDO | RAMPLA E APARCADOIRO DA CASA DE CULTURA | 12.119,97 |
| CESURAS | RAMPLAS LOCAIS SOCIAIS RILO, CARRES, DORDAÑO, BARAIO | 12.206,98 |
| CORCUBIÓN | RAMPLA CENTRO XUVENIL | 33.555,09 |

| | | |
|---|---|---|
| | RAMPLA OFICINA TURISMO | 15.254,60 |
| | ASCENSOR, PLATAFORMA E ACCESO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO | 86.822,95 |
| CORISTANCO | ADAPTACIÓN DAS OFICINAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DA CASA DO CONCELLO | 12.740,43 |
| CURTIS | ASEOS CASA DO CONCELLO E CENTROS SOCIAIS SANTAIA E ILLANA | 14.144,22 |
| DUMBRÍA | ASCENSOR, PLATAFORMA E RAMPLA CENTRO SOCIAL DE BUXANTES, ÉZARO E CENTRO DE SAÚDE | 112.584,54 |
| FENE | ASCENSOR E RAMPLA DA CASA DO CONCELLO E XULGADO | 72.077,44 |
| LAXE | SALVAESCALEIRAS E ASEOS POLIDEPORTIVO | 74.158,90 |
| LARACHA, A | ASCENSOR EDIF. SERVIZOS MÚLTIPLES | 59.798,24 |
| LOUSAME | ASCENSOR C. SOCIAL ALDEAGRANDE | 35.847,35 |
| | ACCESO A MOSTERIO S. XUSTO | 42.898,59 |
| MAÑÓN | SALVAESCALEIRAS CONCELLO E C. SOCIAL BARQUEIRO | 37.666,94 |
| MELIDE | ASCENSOR E RAMPLA EDIFICIO SEDE ENTIDADE LOCAL | 25.959,53 |
| MESÍA | ASEOS E ACCESOS CENTROS SOCIAIS OLAS E MESÍA | 28.066,56 |
| | RAMPLA E ASEOS CENTRO SOCIAL DE ALBIXOI | 28.715,87 |
| | ACCESOS PISCINA MUNICIPAL DE XANCEDA | 48.237,86 |
| MIÑO | ASCENSOR EN EDIFICIO SERVIZOS MUNICIPAIS RABAZAL | 13.340,00 |
| | SALVAESCALEIRAS LOCAL SOCIAL BEMANTES | 13.456,00 |
| MUGARDOS | ASEOS CENTRO CIVICO MUGARDOS | 13.816,73 |
| | ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS CEIP UNION MUGARDESA | 101.411,28 |
| | ACCESOS, ASCENSOR E ASEOS CEIP SANTIAGO APOSTOL | 82.585,48 |
| MUXÍA | ASCENSOR CENTRO DE DÍA | 32.061,03 |
| MUROS | ACCESO ESCOLA MUNICIPAL DE MUROS | 99.477,73 |
| NEDA | ASCENSOR EDIFICIO USOS MÚLTIPLES A TOLEIRA | 72.309,22 |
| NEGREIRA | SALVAESCALEIRAS E ACCESOS Á PISCINA MUNICIPAL | 21.943,12 |
| ORDES | ASCENSOR CASA DO CONCELLO | 50.256,92 |
| OROSO | SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO | 12.200,54 |
| ORTIGUEIRA | ASCENSOR, ASEO E RAMPLA CENTRO SOCIAL ORTIGUEIRA | 83.004,65 |
| OUTES | PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO | 38.797,52 |
| PADERNE | RAMPLAS ESCOLA UNITARIA AREAS, LOCAL SOCIAL VIGO E ESCOLA TALLER VIÑAS | 15.399,55 |
| PADRÓN | ASCENSOR CENTRO SERVIZOS SOCIAIS | 36.726,10 |
| | ASCENSOR CENTRO SOCIAL PADRÓN | 40.608,97 |
| | SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO | 23.925,39 |
| PINO,O | ASEO, SALVAESCALEIRAS E RAMPLA CASA DO CONCELLO | 34.257,48 |
| PONTEDEUME | ASCENSOR CASA DO CONCELLO | 38.953,96 |
| | PLATAFORMA SERVIZOS SOCIAIS | 21.954,16 |
| AS PONTES DE G. RODRÍGUEZ | ASCENSOR CASA DO CONCELLO | 57.112,43 |
| | ASEOS, PASAMÁNS, VARANDAS, SALVAESCALEIRAS E PORTAS MERCADO MUNICIPAL | 58.817,80 |
| P. DO SON | ACCESO, RAMPLA, ASEO E PLATAFORMA ELEVADORA EDIFICIO USOS MULTIPLES | 30.556,12 |
| | ACCESO, RAMPLA E ASEO ESCOLA UNIT. NEBRA | 17.358,53 |
| SADA | ASCENSOR OFICINA XUVENTUDE E OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS | 41.851,51 |
| SANTISO | SALVAESCALEIRAS E RAMPLA DA CASA DO CONCELLO | 18.290,30 |
| SOBRADO | RAMPLA E ASEO CASA DO CONCELLO | 24.420,45 |
| TEO | RAMPLA DE ACCESO DA CASA DO CONCELLO | 12.449,75 |
| TOQUES | PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS CASA DO CONCELLO | 20.491,68 |
| | ASEOS CASA DO CONCELLO E CAMPO FUTBOL | 16.352,68 |
| TRAZO | SALVAESCALEIRAS CENTRO SOCIAL VIAÑO PEQUENO | 16.400,00 |
| VALDOVIÑO | RAMPLA E ACCESO EXTERIOR DA CASA DO CONCELLO | 12.425,02 |
| VAL DO DUBRA | RAMPLA E BARBACÁ DA CASA DO CONCELLO, GARDERÍA, AUDITORIO E BIBLIOTECA DE RIAL | 16.532,80 |
| | RAMPLA ANTIGA CÁMARA AGRARIA | 14.580,00 |
| | ASEO NA CASA DE CULTURA | 12.584,79 |
| VEDRA | RAMPLA, PLATAFORMA E ASEO DA CASA DO CONCELLO, BIBLIOTECA, CASA 3º IDADE | 36.904,17 |
| VILASANTAR | RAMPLA E ASEO DA CASA DO CONCELLO | 12.372,82 |
| VILARMAIOR | ASCENSOR DA CASA DA CULTURA | 54.868,46 |
| VIMIANZO | ASEOS E RAMPLA C.SOCIAL E VIVENDA COMUN E ASCENSOR EDIF. USOS MULTIPLES | 88.524,00 |
| ZAS | ASCENSOR, RAMPLA E PORTA EN BIBLIOTECA DE BAIO | 42.906,82 |
| | **T O T A L** | **2.879.050,96** |

| | |
|---|---|
| **NÚMERO DE CONCELLOS** | **56** |
| **NÚMERO DE OBRAS** | **74** |

5º.- Facultar ao presidente da deputación para a execución de todo o relacionado coa execución do presente acordo.”

**9.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DAS OBRAS SELECCIONADAS POLO MAP DENTRO DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA REPARAR OS DANOS CAUSADOS POLOS INCENDIOS FORESTAIS REGULADO POLA ORDE DO 15 DE SETEMBRO DE 2005.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Vistos os escritos recibidos da Subdelegación do Goberno da Coruña e do Ministerio de Administracións Públicas, por medio dos cales se comunica que se asigna unha subvención polo importe de 132.383,44€ asociados a un investimento polo importe de 264.766,88€, correspondentes a 28 actuacións nos Concellos de Carnota, Lousame, Muros e Neda para reparar os danos causados polos incendios forestais, segundo a Orde Ministerial do 15 de setembro de 2005, e solicítase a esta deputación que elabore o Programa de financiamento ao que se refire o apartado 7 da devandita orde.

Vistos os compromisos de contribución municipal recibidos dos catro concellos antes citados.

1.- Aprobar o Programa de financiamento das obras seleccionadas polo MAP dentro do procedemento de concesión de subvencións para reparar os danos causados polos incendios forestais regulado pola Orde do 15 de setembro de 2005, destinado aos Concellos de Carnota, Lousame, Muros e Neda, cuxas cifras globais de financiamento son as que deseguido se indican:

| MAP | CONCELLO | TOTAL |
|---|---|---|
| 132.383,42 | 132.383,46 | 264.766,88 |

A relación concreta de obras e o seu detalle de financiamento é o que a continuación se indica:

| CONCELLO | NÚMERO | DENOMINACIÓN | MAP | AYTO | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| CARNOTA | 1 | REPARACION DAÑOS ABAST.AGUA MUNICIPAL | 10.007,90 | 10.007,90 | 20.015,80 |
| | 2 | REPARACION DAÑOS ALUMBRADO PUBLICO | 8.282,40 | 8.282,40 | 16.564,80 |
| | 3 | REPARACION DAÑOS FUENTE O PINDO | 2.760,80 | 2.760,80 | 5.521,60 |
| | 4 | REPARACION DAÑOS FUENTE PANCHES | 3.451,00 | 3.451,00 | 6.902,00 |
| | 5 | REPARACION DAÑOS FUENTE O RODEIRO-LARIÑO | 3.796,10 | 3.796,10 | 7.592,20 |
| | 6 | REPARACION VIAL A GANDARA DE LARIÑO A DEP. AGUA | 3.710,93 | 3.710,93 | 7.421,86 |
| | 7 | REPARACION VIAL CC-550 NAVES CARPLAS | 1.512,92 | 1.512,92 | 3.025,84 |
| | 8 | REPARACION VIAL ACCESO CEMENTERIO LARIÑO | 1.546,15 | 1.546,15 | 3.092,30 |
| | 9 | REPARACION VIAL CC-550 A CADEIRAS | 2.297,43 | 2.297,44 | 4.594,87 |
| | 10 | REPARACION VIAL AGROVELLO A CABANA DE LIRA | 3.086,18 | 3.086,18 | 6.172,36 |
| | 11 | REPARACION VIAL CC-550 A CORNIDO | 4.255,86 | 4.255,86 | 8.511,72 |
| | 12 | REPARACION VIAL VALDEBOIS A SAN CIBRAN | 2.985,68 | 2.985,68 | 5.971,36 |
| | 13 | REPARACION VIAL CC-550 A PANCHES SUR | 1.418,62 | 1.418,63 | 2.837,25 |
| | 14 | PEPARACION VIAL CC-550 A PANCHES NORTE | 2.206,74 | 2.206,74 | 4.413,48 |
| | 15 | REPARACION VIAL A CURRA A QUILMAS | 4.160,35 | 4.160,35 | 8.320,70 |
| | 16 | REPOSICION PARQUE INFANTIL QUILMAS | 5.590,62 | 5.590,62 | 11.181,24 |
| | 17 | REPOSICION PARQUE INFANTIL PANCHES | 1.932,56 | 1.932,56 | 3.865,12 |
| | 18 | REPOSICION AREA OCIO CALDEBARCOS | 1.932,56 | 1.932,56 | 3.865,12 |
| | 19 | REPOSICION AREA DE OCIO PORTOQUILMAS | 4.141,20 | 4.141,20 | 8.282,40 |
| | | **TOTAL** | **69.076,00** | **69.076,02** | **138.152,02** |
| | | | | | |
| LOUSAME | 20 | REPARACIÓN TRAIDA AGUA PARROQUIA LESENDE | 3.422,80 | 3.422,80 | 6.845,60 |
| | 21 | REPARACIÓN TRAIDA AGUA A SILVA | 6.680,00 | 6.680,01 | 13.360,01 |
| | 22 | REPOSICIÓN ALUMBRADO PÚBLICO | 499,32 | 499,32 | 998,64 |
| | 23 | REPARACIÓN Y LIMPIEZA CUNETAS CR. MUNICIPIO | 9.738,08 | 9.738,08 | 19.476,16 |
| | 24 | REPARACIÓN DAÑOS PARQUE SAN LORENZO | 470,96 | 470,96 | 941,92 |
| | | **TOTAL** | **20.811,16** | **20.811,17** | **41.622,33** |
| | | | | | |
| | | | | | |
| MUROS | 25 | REPARACIONES Y REPOSICIONES ZONA ANCORADOIRO | 30.577,48 | 30.577,48 | 61.154,96 |
| | | **TOTAL** | **30.577,48** | **30.577,48** | **61.154,96** |
| | | | | | |
| NEDA | 26 | REPARACION REPETIDOR TV MORRAXON | 278,22 | 278,22 | 556,44 |
| | 27 | ACTUACIONES RUTA SENDERISMO PGR-16 | 1.487,38 | 1.487,38 | 2.974,76 |
| | 28 | MEJ.CM.Y REPARACION MURO VERTEDERO MPAL. | 10.153,18 | 10.153,19 | 20.306,37 |
| | | **TOTAL** | **11.918,78** | **11.918,79** | **23.837,57** |
| | | | | | |
| | | TOTAL ACUMULADO | **132.383,42** | **132.383,46** | **264.766,88** |
| | | | | | |
| | | NÚMERO DE ACTUACIONES | **28** | | |
| | | | | | |
| | | NÚMERO DE AYUNTAMIENTOS | **4** | | |

2.- A contratación e execución das actuacións incluídas realizarana os respectivos concellos de acordo co estabelecido na Orde Ministerial do 15 de setembro de 2005.

3.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

4.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

5.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporación Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

6.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/97 de administración local de Galicia, debendo entenderse emitido favorabelmente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión para informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

**10.- APROBACIÓN DE PERMUTA DOS TERREOS ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 6,480 A 7,660 DA E.P. 0205 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA, COMO CONSECUENCIA DO CAMBIO DE TRAZADO DAS OBRAS DA E.P. 0205 DE BERTAMIRÁNS, VARIANTE DE CANTERA, CÓDIGO 02.1110.0007.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Declarar a desafectación do tramo comprendido entre os puntos quilométricos 6+400 e 7+600 da E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto de “E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, variante de Cantera”, código 02.1110.0007.0, tramo que ten unha extensión de 10.544 m2, cuxa valoración se fixa en 25.305’60 euros.

2.- Recibir e incorporar ao inventario de bens, co carácter de patrimonial, o citado tramo.

3.- Permutar con CAMILO CARBALLAL, S.L. a parcela sobrante resultado da modificación de trazado da E.P. 0205, de Bertamiráns á Ramallosa como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto da E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, variante de Cantera, código 02.1110.0007.0, polas achegas de terreos por un total de 10.098,41 m2 (dos cales 1.694 m2, foron cedidos para o ensanche da E.P. 0205 no tramo que os ocupa e os restantes 8.404,41 m2, foron cedidos para a execución da variante), e materiais (202’53 m3, de lastro e 202’50 m3 de grava) realizadas pola dita entidade mercantil, que se valora en 27.540’98 euros.

4.- A referida permuta non suporá ningunha achega de cantidade económica por parte desta Excma. Deputación Provincial.”

**11.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2101 KM. 23,700 ESTRADA DE CORUÑA-SANTIAGO DAS TRAVESAS DO P.K. 0,00 A 2,400 (CARRAL).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2101 KM. 23,700 ESTRADA DA CORUÑA-SANTIAGO ÁS TRAVESAS DO P.K. 0,00 AO P.K. 2,400 (CARRAL)

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra:

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, e con visibilidade reducida o cal leva consigo a construción de tres variantes.
- As fortes pendentes que van desde un 6,70 a un 9,56 % e que representan un 60% da lonxitude do proxecto e que coinciden co trazado máis sinuoso en planta, o cal implica axustes nas rasantes.
- O estado do firme da estrada que se dimensionou para un tráfico tipo T3 e unha chaira E2.
- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos.
- A intensidade media do tráfico.
- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por unha zona poboada e con accesos por ambas as dúas bandas.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

| | | | **TOTAL** | **246.709,22** | **0,00** | **246.709,22** |
| **PONTEDEUME** | 05. 3200. 0192. 0. | 51022 | REDE AB,AUGA AS PEDRIDAS A CASTRELO | 42.120,77 | 900,00 | **43.020,77** |
| | 05. 3200. 0193. 0. | 51021 | PAV.TRAMO CM.REGUEIRA AOS CASTROS | 31.081,52 | 900,00 | **31.981,52** |
| | 05. 3200. 0194. 0. | 51023 | PAV.R.CM.ESTREITO E AV. R.SANCHEZ | 30.624,19 | 900,00 | **31.524,19** |
| | 05. 3200. 0195. 0. | 51022 | AMPL.EST.BOMBEO AUGAS RESID.PRZ.ALV... | 35.487,44 | 900,00 | **36.387,44** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 05. 3200. 0196. 0. | 5102 1 | PAV.TRAMO CM. PEDRIDAS A VISTALEGRE | 31.254,98 | 900,00 | **32.154,98** |
| | 05. 3200. 0197. 0. | 4532 0 | REF.PAB.DEPORT.A CASQUEIRA | 32.864,58 | 900,00 | **33.764,58** |
| | 05. 3200. 0198. 0. | 5102 1 | PAV.CM.DE SIXTO PRRQ.DE BOEBRE | 41.602,69 | 899,00 | **42.501,69** |
| | | | **TOTAL** | **245.036,17** | **6.299,00** | **251.335,17** |
| **AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ** | 05. 3200. 0199. 0. | 1200 2 | REF.EDIFICIO ADMINISTRATIVO | 59.831,80 | 0,00 | **59.831,80** |
| | 05. 3200. 0200. 0. | 1200 2 | OBRAS COMP.NAVE MPAL.PLG.DOS AIRIOS | 90.050,86 | 0,00 | **90.050,86** |
| | 05. 3200. 0201. 0. | 0059 9 | DOT.MOBILIARIO DEPENDENCIAS MPAL. | 111.038,19 | 0,00 | **111.038,19** |
| | 05. 3200. 0202. 0. | 4300 8 | OBRA CIVIL PQS.INFANT. BARRIOS E C.EDUC... | 143.997,95 | 0,00 | **143.997,95** |
| | 05. 3200. 0203. 0. | 4300 8 | SUBM.XOGOS INFANT.EN BARRIOS DO MN. | 35.003,13 | 0,00 | **35.003,13** |
| | | | **TOTAL** | **439.921,93** | **0,00** | **439.921,93** |
| **RIBEIRA** | 05. 3200. 0204. 0. | 5102 3 | REPO.PAV.VARIAS RUAS DE RIBEIRA | 614.454,72 | 106.335,37 | **720.790,09** |
| | | | **TOTAL** | **614.454,72** | **106.335,37** | **720.790,09** |
| **SADA** | 05. 3200. 0205. 0. | 5102 1 | ACD.CR.CHAN DA ALDEA A CRUCE VIARIO...... | 53.019,81 | 0,00 | **53.019,81** |
| | 05. 3200. 0206. 0. | 5102 1 | ACD.CR.CASTELO A MANDIN, PRRQ.OSEDO.... | 52.850,50 | 0,00 | **52.850,50** |
| | 05. 3200. 0207. 0. | 5102 1 | ACD. CM.DA COSTA PRRQ.MEIRAS | 56.069,48 | 0,00 | **56.069,48** |
| | 05. 3200. 0208. 0. | 5102 1 | ACD-CM.DA IGREXA EN VEIGUE | 31.000,00 | 0,00 | **31.000,00** |
| | 05. 3200. 0209. 0. | 5102 1 | ACD.BAIXADA PRAIA DE CIRRO, PRRQ.VEIGUE | 53.156,51 | 0,00 | **53.156,51** |
| | 05. 3200. 0210. 0. | 5102 3 | DOT.SERV.E PAV.CONTORNO FONTE E PRZ | 31.170,76 | 0,00 | **31.170,76** |
| | 05. 3200. 0211. 0. | 5102 3 | DOT.SERV.PAV.VEHICULAR C/....................... | 33.157,00 | 0,00 | **33.157,00** |
| | 05. 3200. 0212. 0. | 5102 3 | ACD.TALUDE AVDA. DO PORTO | 37.364,13 | 0,00 | **37.364,13** |
| | | | **TOTAL** | **347.788,19** | **0,00** | **347.788,19** |
| **SAN SADURNIÑO** | 05. 3200. 0213. 0. | 5102 1 | CM.CANCELAS-NAVEIRAS-FRAGUELA E OUTR | 31.190,92 | 0,00 | **31.190,92** |
| | 05. 3200. 0214. 0. | 5102 1 | CM. RIOLIMPO-FRAGUELA E OUTRO | 35.775,72 | 0,00 | **35.775,72** |
| | 05. 3200. 0215. 0. | 5102 3 | PRAZA EN FERREIRA(SAN CRISTOVO) | 58.782,11 | 0,00 | **58.782,11** |
| | | | **TOTAL** | **125.748,75** | **0,00** | **125.748,75** |
| **STA. COMBA** | 05. 3200. 0216. 0. | 5102 3 | PAV.V.P. EN AMARELLE | 59.462,69 | 0,00 | **59.462,69** |
| | 05. 3200. 0217. 0. | 5102 3 | PONTE DE ESTEVEZ SOBRE O RIO XALLAS | 50.865,16 | 0,00 | **50.865,16** |
| | 05. 3200. 0218. 0. | 5102 3 | PAV. V.P. EN ALMOZARA 1ª FASE | 56.409,08 | 0,00 | **56.409,08** |
| | 05. 3200. 0219. 0. | 5102 3 | PAV.V.P.PEREIRA-VILARMAIOR-MALVAREZ..... | 56.835,90 | 0,00 | **56.835,90** |
| | 05. 3200. 0220. 0. | 5102 3 | PAV.V.P. PORTOCHAN-CARBOEIRO | 33.667,80 | 0,00 | **33.667,80** |
| | 05. 3200. 0221. 0. | 5102 3 | PAV.V.P.EN BARBEIRA | 59.766,15 | 0,00 | **59.766,15** |
| | | | **TOTAL** | **317.006,78** | **0,00** | **317.006,78** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **SANTISO** | 05. 3200. 0222. 0. | 51021 | PAV. EN SARDECOIRO E OUTROS | 31.000,00 | 0,00 | **31.000,00** |
| | 05. 3200. 0223. 0. | 51021 | MCR.CM.PENET.CRUCE OITO - BELMIL | 53.824,43 | 0,00 | **53.824,43** |
| | | | **TOTAL** | **84.824,43** | **0,00** | **84.824,43** |
| **SOBRADO** | 05. 3200. 0224. 0. | 51021 | ACD.CM.VILAMOR, BRIXARIA, COTO E OUTROS | 51.690,23 | 0,00 | **51.690,23** |
| | 05. 3200. 0225. 0. | 51021 | ACD. CM.FONTE CAMIÑO, OUTEIRO E OUTROS | 49.085,13 | 0,00 | **49.085,13** |
| | | | **TOTAL** | **100.775,36** | **0,00** | **100.775,36** |
| **AS SOMOZAS** | 05. 3200. 0226. 0. | 43007 | CANALIZACION MEDIA TENSION POELLE | 56.173,89 | 0,00 | **56.173,89** |
| | 05. 3200. 0227. 0. | 51022 | CANALIZACION AUGA EN POELLE | 54.268,39 | 0,00 | **54.268,39** |
| | | | **TOTAL** | **110.442,28** | **0,00** | **110.442,28** |
| **TOQUES** | 05. 3200. 0228. 0. | 00599 | ADQ.SOLO EDIFIC.CONST.VIVENS P.O. | 48.080,98 | 0,00 | **48.080,98** |
| | 05. 3200. 0229. 0. | 43533 | SUBM.BANCOS MADEIRA DE CASTIÑEIRO | 14.262,87 | 0,00 | **14.262,87** |
| | | | **TOTAL** | **62.343,85** | **0,00** | **62.343,85** |
| **TORDOIA** | 05. 3200. 0230. 0. | 45320 | BANCADAS E VESTIARIOS C. FUTBOL | 160.915,61 | 0,00 | **160.915,61** |
| | | | **TOTAL** | **160.915,61** | **0,00** | **160.915,61** |
| **TOURO** | 05. 3200. 0231. 0. | 44012 | AMPL.SAN.EN LOXO E OUTRO | 37.091,77 | 0,00 | **37.091,77** |
| | 05. 3200. 0232. 0. | 51022 | AB.DE AUGA DE OBRA A BENDAÑA | 40.387,14 | 0,00 | **40.387,14** |
| | 05. 3200. 0233. 0. | 51023 | PAV.R/PUCHO BOEDO (FONTE DIAS) E OUTROS | 42.678,65 | 0,00 | **42.678,65** |
| | 05. 3200. 0234. 0. | 51021 | CAMINO EN LAÑA E OUTROS | 31.550,42 | 0,00 | **31.550,42** |
| | | | **TOTAL** | **151.707,98** | **0,00** | **151.707,98** |
| **TRAZO** | 05. 3200. 0235. 0. | 00599 | ADQ.TERREOS EDIF.SERV.MULTIPLES | 39.000,00 | 0,00 | **39.000,00** |
| | 05. 3200. 0236. 0. | 51021 | AF.CMS.PRRQ. DE MONZO | 53.613,25 | 0,00 | **53.613,25** |
| | 05. 3200. 0237. 0. | 43007 | AMPL. ALUMEADO PUBLICO EN TRAZO | 39.145,12 | 0,00 | **39.145,12** |
| | | | **TOTAL** | **131.758,37** | **0,00** | **131.758,37** |
| **VALDOVIÑO** | 05. 3200. 0238. 0. | 44012 | COL.SAN.EN MOSENDE-LUGAR DO MUIÑO | 137.370,85 | 0,00 | **137.370,85** |
| | 05. 3200. 0239. 0. | 44012 | COL.SAN.EN POSTAMAIOR (LADEIRA) | 71.382,37 | 0,00 | **71.382,37** |
| | | | **TOTAL** | **208.753,22** | **0,00** | **208.753,22** |
| **VAL DO DUBRA** | 05. 3200. 0240. 0. | 44011 | ADQ.VARRED.ASP.VIAL VEH.COLECT.RSU. | 150.000,79 | 0,00 | **150.000,79** |
| | | | **TOTAL** | **150.000,79** | **0,00** | **150.000,79** |
| **VEDRA** | 05. 3200. 0241. 0. | 51023 | CONST. BEIRARRUAS EN VEDRA (FASE II) | 33.725,29 | 0,00 | **33.725,29** |
| | 05. 3200. 0242. 0. | 51023 | CONST. BEIRARRUAS R/FRANCISCO CARRILLO | 48.761,70 | 0,00 | **48.761,70** |
| | 05. 3200. 0243. 0. | 51023 | CONST. BEIRARRUAS CAMPO DA FESTA | 35.154,36 | 0,00 | **35.154,36** |
| | 05. 3200. 0244. 0. | 51023 | CONST. BEIRARRUAS EN PICON | 34.905,43 | 0,00 | **34.905,43** |
| | | | **TOTAL** | **152.546,78** | **0,00** | **152.546,78** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **VILASANTAR** | 05. 3200. 0245. 0. | 51021 | ACD.CMS.DE CHAO,PETEIRO-CEAO................ | 39.593,68 | 0,00 | **39.593,68** |
| | 05. 3200. 0246. 0. | 51021 | ACD.CMS.LIBOI-A LAXE, O TOURAL................. | 34.052,62 | 0,00 | **34.052,62** |
| | | | **TOTAL** | **73.646,30** | **0,00** | **73.646,30** |
| **VILARMAIOR** | 05. 3200. 0247. 0. | 51021 | PAV.CM.LAXE-GULFIN | 33.381,48 | 554,00 | **33.935,48** |
| | 05. 3200. 0248. 0. | 51021 | PAV.CM. ACIVEIRO-ALLON | 31.151,64 | 554,76 | **31.706,40** |
| | | | **TOTAL** | **64.533,12** | **1.108,76** | **65.641,88** |
| **VIMIANZO** | 05. 3200. 0249. 0. | 43008 | REM.ADAPT.NORMATIVA DE XARDIN INFANT. | 57.999,52 | 0,00 | **57.999,52** |
| | 05. 3200. 0250. 0. | 00599 | SEPARATA Nº2.MOBLAXE C.CULTURA | 200.100,76 | 19.199,24 | **219.300,00** |
| | | | **TOTAL** | **258.100,28** | **19.199,24** | **277.299,52** |
| **ZAS** | 05. 3200. 0251. 0. | 51021 | PAV.NUCLEOS BERMELLO, A BRAÑA ....... | 62.376,48 | 0,00 | **62.376,48** |
| | 05. 3200. 0252. 0. | 51021 | ACR. BAIO PEQUENO E CANALIZ..PUDENZA | 48.162,03 | 0,00 | **48.162,03** |
| | 05. 3200. 0253. 0. | 51021 | MCR.PRRQ. DE VILAR | 45.445,33 | 0,00 | **45.445,33** |
| | 05. 3200. 0254. 0. | 51021 | MCR.PRRQS.BRANDOMIL, MEANOS,MUIÑO... | 34.502,15 | 0,00 | **34.502,15** |
| | | | **TOTAL** | **190.485,99** | **0,00** | **190.485,99** |
| | | | **TOTAL** | **17.499.743,64** | **850.248,26** | **18.349.991,90** |
| | | | **NÚMERO DE CONCELLOS** | **78** | | |
| | | | **NÚMERO DE OBRAS** | **254** | | |

**17.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"1º.- Aprobar a modificación e nova redacción dos seguintes artigos dos Estatutos do Consorcio que xestiona a loita contra incendios na provincia da Coruña, aprobados polo Decreto 258/2002 do 30 de xullo, tal e como figura a continuación:

Artigo 2º primeiro apartado:

Para a constitución do Consorcio requírese o acordo previo correspondente e a aprobación definitiva dos seus Estatutos por parte do Pleno da Deputación Provincial da Coruña, así como o acordo do Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.1:

O Consorcio terá a súa sede no edificio situado no Polígono Industrial de Bértoa, rúa do Bronce, parcela G-2, do municipio de Carballo na provincia da Coruña.

Artigo 6º.1:

O servizo que prestará o Consorcio estenderase coas especificidades, en canto ámbito territorial, que vaia fixando o Pleno do Consorcio, á provincia da Coruña.

Así mesmo, actuará fóra do ámbito que lle é propio nos casos de sinistro, calamidade, catástrofe e grave perigo, cando se lle requira para iso, sempre que o demanden os órganos competentes e o autorice o presidente do Consorcio ou persoa en quen delegue.

Artigo 9º:

O Pleno do Consorcio, máximo órgano colexiado deste, estará integrado por :
- Presidente da Deputación ou deputado en quen delegue.
- Conselleiro con competencias na materia ou persoa en quen delegue.
- Dous deputados da Deputación provincial designados polo presidente da Deputación.
- Dous representante da Xunta de Galicia designados pola Consellaría con competencias na materia.
- Con voz, pero sen voto, asistirán:

* O funcionario que desempeñe as funcións de secretario e interventor do Consorcio.
* O xerente do Consorcio

- Por pedimento da maioría dos membros, con voto do Pleno do Consorcio, poderá convocarse con voz pero sen voto e coa única finalidade de obter información e asesoramento para casos concretos, aos responsábeis técnicos e membros da administración ou de entidades públicas ou privadas que se estimen oportunas.

Artigo 11º

Para asesoramento e informe das materias que se determinen crearase un Consello Consultivo integrado do seguinte xeito:

- Presidente: presidente do Consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Os alcaldes dos concellos onde se instalen os parques ou subparques que o Consorcio acorde poñer en marcha.
- 2 representantes da Xunta de Galicia designado polo conselleiro con competencias na materia.
- 2 representantes da Deputación provincial designado polo seu presidente.

Artigo 16.1:

A Xerencia é o órgano ao que corresponde realizar a xestión ordinaria dos asuntos de competencia do Consorcio, baixo a inmediata dirección e dependencia do presidente. Poderá ter a consideración de persoal eventual de acordo co estabelecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de bases de réxime local e demais normativa de función pública, ou calquera outro tipo de persoal, funcionario ou laboral de conformidade co disposto naquela.

Artigo 19.2:

O Pleno constitúese validamente coa asistencia dun terzo do número legal dos seus membros que nunca poderá ser inferior a tres. O presidente poderá considerar validamente constituído o órgano se está presente polo menos un representante de cada unha das dúas administracións consorciadas. Este quórum deberase manter durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou a daqueles que legalmente os substitúan.

2º.- Facultar ao presidente para a realización de cantos actos sexan necesarios para a execución do presente acordo. "

## 18.- APROBACIÓN INICIAL DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN QUE XESTIONARÁ A AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"1.- Que a Deputación Provincial da Coruña concorra á constitución da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña – FAEPAC, na que se integrará como patrón nato, declarando expresamente a súa vontade de adhesión e o sometemento aos estatutos da Fundación e ás normas que os desenvolven, así como ás demais disposicións aplicábeis, co compromiso expreso de asumir os dereitos e obrigas que de todos eles se deriven.

2.- Aprobar os Estatutos da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña-FAEPAC que quedan incorporados ao presente acordo e aprobar a contribución da Deputación ao capital fundacional que ascende a 6.993,01 euros imputados á partida 0305/731.A/870.00.

3.- Designar como representantes da Deputación no Padroado da Fundación ao presidente da Deputación, que presidirá o Padroado (art. 17 A dos Estatutos), e o deputado provincial - presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo, que será vicepresidente do Padroado (art. 17 B dos Estatutos) e os deputados don Antonio Lagares Pérez e dona Raquel Jabares Fernández.

4.- Facultar ao presidente da Deputación para a realización de cantos actos sexan necesarios para a execución deste acordo."

**19.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DUN PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO RURAL DA PROVINCIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"1º Apreciar a excepcionalidade do especial interese público da presente convocatoria e autorizar o eventual financiamento, nos casos nos que proceda, do custe total da actividade subvencionada, de conformidade coas Bases propostas e coa base 48ª das de execución do Presuposto xeral da Corporación para o exercicio 2006.

2º Aprobar as seguintes bases de convocatoria do programa de subvencións dirixido aos Grupos de Acción Local da provincia da Coruña para actuacións de desenvolvemento rural na provincia para o exercicio 2006.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, DIRIXIDA AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DA PROVINCIA DA CORUÑA. ANUALIDADE 2006.

1.- FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade desta convocatoria é apoiar mediante a concesión de subvencións aos Grupos de Acción Local da provincia da Coruña, coa intención de colaborar cos concellos que os compoñen e que poidan dispoñer dos medios necesarios no mantemento das súas actividades e a consecución dos seus fins.

Os Grupos de Acción Local cumpren unha función fundamental no desenvolvemento rural e teñen por obxecto promover e coordinar o desenvolvemento rural da provincia, mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o despoboamento do territorio rural, mediante a aplicación, planificación e xestión dos programas de desenvolvemento rural Leader +, Proder II e Agader 2005.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou de plans provinciais da Deputación.

2.- SOLICITANTES

Poderán optar ao presente programa os Grupos de Acción Local que cumpran os seguintes requisitos:

. Estar legalmente constituídos.
. Ter como ámbito de actuación municipios pertencentes á provincia da Coruña, na súa totalidade ou en parte.
. Carecer de fins de lucro.
. Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
. Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así mesmo deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña.

3.- CONDICIÓNS

A Deputación concederá 6.000,- euros por cada un dos concellos que pertencendo á provincia da Coruña, compoñan a Asociación.

4.- DOCUMENTACIÓN

Deberán achegar a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada dos Estatutos.
b) Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da Asociación.
c) Certificación dos datos bancarios, segundo modelo aprobado pola Deputación.

d) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
e) Acreditar, mediante certificación do secretario da entidade, os concellos que a compoñen, pertencentes á provincia da Coruña.
f) Certificación do acordo adoptado polo órgano correspondente no que se aproba participar neste programa e nomeamento do representante para as súas relacións coa Deputación.
g) Fotocopia da tarxeta do NIF do representante.
h) Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración pública, así como a aceptación das bases.
i) Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñeceren as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
j) Certificación da composición da actual Xunta Directiva, especificando a duración do seu mandato.
k) Memoria das actividades desenvolvidas durante o ano 2005.
l) Orzamento correspondente ao ano 2006.

As fotocopias da documentación que se entreguen deberán estar compulsadas.

De conformidade co art. 35f) da Lei 30/1992, se os documentos solicitados nos apartados a), b), c) e g) están en poder da Deputación, o solicitante non terá que remitilos novamente, pero haberá de sinalar a data e a dependencia na que se presentaron anteriormente.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, deberase corrixir no prazo de dez días desde a recepción do requirimento.

## 5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación e na forma prevista no artº. 38,4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o de de 2006.

6.- RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES

A aprobación das axudas determinaranse mediante resolución da Presidencia, a proposta motivada da correspondente Comisión Avaliadora e requirirá informe do Servizo de Fomento, no que conste que da información que consta no seu poder, derívase que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A Comisión Avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: deputado-presidente da Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo.

Vocais: tres deputados designados polo presidente da Deputación

Na Comisión actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servizo de Fomento.

6.1) Valoración das solicitudes

O importe que se ha conceder, será de 6.000,- euros por cada un dos concellos, que pertencentes á provincia da Coruña, formen parte da Asociación.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Aboarase o 50 % do importe concedido, unha vez aprobada a subvención pola Comisión Avaliadora, como anticipo prepagábel, para xustificar ao seu cumprimento, logo da presentación previa de aval, na Tesouraría provincial pola cantidade anticipada e certificación bancaria da conta na que se aboará a achega provincial.

O importe anticipado ingresarase na conta específica, con cargo a que soamente se realizarán cargos derivados do orzamento obxecto da subvención, autorizándoselles expresamente á Deputación provincial e aos órganos de control interno e externo á verificación dos movementos realizados nela.

Para poder percibir o 50 % do anticipo, deberá ter xustificada a subvención do ano 2005, o no seu caso a súa renuncia expresa.

As entidades deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O 50 % restante, despois da presentación previa da certificación da liquidación do orzamento do ano 2006.

E acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.1) Tramitación da xustificación

A cantidade concedida, xustificarase mediante a certificación da liquidación do presuposto, correspondente ao ano 2006.

Así mesmo deberán detallar as subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Se a cantidade xustificada na liquidación do presuposto, é superior ou igual ao importe concedido, manterase a subvención.

Se a cantidade xustificada na liquidación do presuposto, é inferior ao importe concedido, reducirase a subvención ao importe xustificado.

Se o importe xustificado dese lugar a unha subvención provincial inferior ao anticipo librado, unha vez determinado o seu importe definitivo, tramitarase o reintegro do anticipo librado xunto cos xuros de mora na contía correspondente.

Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas , poderase xuntar certificación da administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados.

7.2) Prazo de xustificación.

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 30 de xuño de 2007, se ben antes de finalizar o prazo poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da Unidade Xestora.

Se non se presenta xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Presidencia iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención provincial para o seu reflexo contábel.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2006.

Disposición adicional primeira.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias da documentación presentada sempre que veñan compulsadas:

- Diante do notario
- Polo Rexistro Xeral da Deputación da Coruña
- Polo órgano administrativo que teña no seu poder os documentos orixinais

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2006 e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Coruña,

O PRESIDENTE O SECRETARIO

Asdo. Salvador Fernández Moreda Asdo. José Luis Almau Supervía

**20.- ADHESIÓN AO PROGRAMA ESTATAL DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA DEPUTACIÓN-IMSERSO-FEMP DO 9 DE XULLO DE 1998.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"Dispoñer á adhesión da Deputación ao programa estatal que crea o servizo de teleasistencia móbil paa mulleres vítimas de violencia de xénero, que se oferta a cargo económico do IMSERSO, asumindo as condicións de xestión do servizo contidas no documento das súas NORMAS XERAIS.

Prestar aprobación ao contido da Addenda que se propón polo Servizo de Contratación para ampliar o Convenio de Teleasistencia Domiciliario asinado o 9 de xullo de 1998 entre a Deputación, o IMSERSO e a FEMP, incluíndo o servizo de telasistencia móbil para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Designar responsable político do programa desta Deputación á Presidenta da Comisión de Benestar Social, Dª Margarida Vázquez Veras, e responsable técnico á responsable do servizo de teleasistencia docimiciliaria, a xefa da Unidade Técnica de Servizos Sociais, Dª Isabel Grandal Nores."

Addenda para a xestión do servizo de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de violencia de xénero, pola que se amplía o convenio do 9 de xullo de l998, asinado entre a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA o IMSERSO e a FEMP para o servizo de teleasistencia domiciliaria.

A Coruña, .........de .........de .......

REUNIDOS

O Excmo. Sr. Don Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Don Ángel Rodríguez Castedo, director xeral do
O Sr. Don Julio Alberto Torres Pérez, secretario xeral da FEMP.

EXPOÑEN.

O Consello de Ministros do día 7 de maio de 2004, aprobou o “ Plan de medidas urxentes “ para frear a violencia de xénero, encomendándolle á Secretaría de Estado de Asuntos Sociais, Familia e Discapacidade, a través do IMSERSO a cobertura do servizo de teleasistencia ás vítimas da violencia de xénero que conten con orde de protección.

Para tales efectos, o IMSERSO ampliou o convenio de teleasistencia asinado coa FEMP para a teleasistencia domiciliaria.

Con data do 9 de xullo de 1998, a Deputación da Coruña asinou o convenio de colaboración co IMSERSO e a FEMP para a prestación aos concellos da provincia de menos de cincuenta mil habitantes, do servizo de teleasistencia domiciliaria.

É intención da Deputación Provincial da Coruña, acceder á colaboración solicitada polo IMSERSO e a FEMP para a prestación do servizo de teleasistencia móbil para mulleres, xa que logo, procede a ampliación do convenio do 9 de xullo de 1998, de acordo ás seguintes

C L ÁU S U L A S

Primeira.-

O servizo de teleasistencia domiciliaria fixa para persoas maiores e discapacitadas que presta a Deputación Provincial da Coruña, en virtude do convenio do 9 de xullo de 1998, amplíase coa inclusión do servizo previsto no Programa estatal de teleasistencia móbil destinado a persoas vítimas de violencia de xénero que cumpran os requirimentos estabelecidos para se beneficiar del, en todos os concellos da provincia de menos de vinte mil habitantes que se adhiran ao programa para ser xestionado a través da devandita deputación.

Segunda.-

Para a realización deste programa, a deputación adhírese ao servizo nas condicións que se conteñen na addenda ao convenio marco do 20 de abril de 1993, que foi asinada entre o IMSERSO e a FEMP o 4 de outubro de 2004, asumindo as condicións contidas no documento de “Normas xerais do servizo de teleasistenca móbil para vítimas de violencia de xénero FEMP- IMSERSO”

Terceira.-

Para o desenvolvemento do compromiso adquirido, a Deputación da Coruña, realizará as seguintes tarefas:

Asumir a coordinación do programa cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña, adheridos ou que se adhiran ao programa de teleasistencia móbil para mulleres vítimas de violencia de xénero, derivado da addenda asinada o 4 de outubro de 2004, entre o IMSERSO e a FEMP, e que comprendería entre outras tarefas as seguintes:

- *A recepción de adhesións dos concellos á addenda para a teleasistencia para mulleres, ao convenio do ano 98, entre Deputación - Femp - Imserso sobre a xestión do servizo, e comunicarllas á FEMP.*
- *A recepción dos informes previos e as ordes de altas, suspensións e baixas, así como a listaxe mensual de usuarias e dos concellos. As ordes comunicaranas os concellos á entidade ou empresa adxudicataria do servizo de telefonía. A deputación remitiralle á FEMP as devanditas ordes.*
- *A recepción do informe mensual emitido polo coordinador de zona da entidade adxudicataria, relativo á atención efectivamente prestada ás usuarias correspondentes aos Centros de Servizos Sociais de cada concello adherido ao programa da deputación e remitirlle á FEMP o informe.*
- *A recepción de copia da memoria anual que debe elaborar a entidade ou empresa adxudicataria, por Comunidades Autónomas, para enviarlla á FEMP do servizo de teleasistencia móbil , co detalle de datos correspondentes aos concellos de menos de vinte mil habitantes da provincia da Coruña. A deputación, á súa vez, emitirá un informe verbo do cumprimento do seu programa , que lle enviará ao IMSERSO.*
- *A deputación poderá facilitar a citada memoria e o informe correspondente aos servizos competentes da Vicepresidencia de Igualdade da Xunta de Galicia.*
- *Poderá solicitar cantos informes ou comprobacións estime preciso para o cumprimento da súa tarefa coordinadora, sobre a prestación do servizo, á empresa ou entidade adxudicataria ou aos concellos adheridos ao programa.*

*Realizar a comprobación das listaxes das usuarias previamente remitidas polos concellos, e dar conformidade destes, para acompañar ás facturas que presentará a empresa ou entidade adxudicataria, perante a FEMP para o pagamento dos seus servizos.*

Cuarta.-

A Deputación Provincial da Coruña non compromete a achega de cantidade ningunha como contribución ao custo do programa obxecto desta addenda.

Quinta.-

No non exposto na presente addenda, reenvíaselle ao estipulado polas partes, no convenio do 9 de xullo de 1998, canto non se opoña ao contido deste acordo.

Sexta.

A presente addenda entrará en vigor desde a súa sinatura até o 31 de decembro de 2006 e poderase prorrogar de mutuo acordo entre as partes antes da súa finalización, agás denuncia dunha das partes, dentro dos tres meses anteriores á fin do exercicio.

Non obstante o período de vixencia da presente addenda irá unido ao desenvolvemento do convenio subscrito o 9 de xullo de 1998 entre a Deputación Provincial da Coruña, o IMSERSO e a FEMP para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria, entendendo que se o dito convenio se chegase a denunciar ou a resolver, ou ben se deixasen de prestar os servizos que implican, quedaría sen efecto a presente addenda a través da cal se materializa a adhesión da deputación ao convenio marco subscrito entre o INSTITUTO DE MAIORES E SERVIZOS SOCIAIS (IMSERSO) E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) para a implantación dun servizo de teleasistencia domiciliaria (formalizado en Madrid o 20.04.93) e a súa ADDENDA ( asinada en Madrid o 4/10/04).

Faise constar que a presente addenda foi aprobada polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade asinan a presente addenda por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O DIRECTOR XERAL DO IMSERSO |
| Asdo.- Salvador Fernández Moreda | Asdo.- Ángel Rodríguez Castedo |
| O SECRETARIO XERAL DA FEMP | |
| Asdo.- Julio Alberto Torres Pérez | |

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.